

COMENTAR MAPAS DE TEMPO

Un mapa de tempo é un mapa que mostra o estado da atmosfera sobre un lugar, mediante isobaras, ou liñas que unen puntos coa mesma presión atmosférica. Cando temos que definir un documento, dicimos isto, pero poñemos "que lugar" exacto mostra o que estamos vendo. Tamén debemos dicir a data do mapa se aparece, a fonte da que se extrae o mapa, e toda canta información teñamos.

Un Anticiclón é unha área de altas presións (1016 mb ou +) rodeada de presións máis baixas. O vento xira ao seu redor no sentido das agullas do reloxo. Produce tempo estable (non quere dicir que sexa tempo bo).

Unha Borrasca é unha área de baixas presións (1012 mb ou -) rodeada de presións máis altas. O vento xira ao seu redor no sentido contrario ás agullas do reloxo. Produce tempo inestable e frecuentemente chuvioso.

Os anticiclóns e as borrascas dinámicos son os que se crean en superficie cando o Jet Stream, en altura, vai lento e fai crestas e valgadas. Os anticiclóns e as borrascas térmicas son as que se crean por contacto co solo frío ou cálido (créanse polas diferenzas de temperatura entre a terra ou o mar e o aire que está enriba deles).

As borrascas son as que teñen as fronteas asociadas. As fronteas poden ser cálidas (sinaladas en vermello e con medias circunferencias) e frías (sinaladas en azul e con triángulos), e cando as dúas se unen, ocluídas (iso é a morte das fronteas, e sinálanse en negro con medias circunferencias e triángulos alternados).

As masas de aire son porcións de aire que teñen unha temperatura e unha humidade. Na súa rexión de orixe teñen unha temperatura e unha humidade que poden modificarse no seu percorrido. Por exemplo, a masa de aire Pm en principio é fría e seca, pero segundo vai baixando en latitude vai requentándose a base, inestabilizándose, e vai collendo humidade. Chega un momento en que a parte de abaixo da masa de aire está quente e a de arriba fría, polo que esta parte de arriba de aire frío métese debaixo da parte cálida e empúxaa para arriba; o vapor de auga que ten a parte cálida, que é o vapor da auga que foi collendo segundo viña por riba do mar, arrefría, condénsase, e cae=chove). Cunha masa de aire que sexa cálida e ascenda en latitude vai pasar o contrario, porque se vai arrefriando pola base polo que se vai a estabilizar.

As masas de aire son empuxadas por vento.

A polar é fría, a ártica é moi moi fría, e a tropical é cálida, e iso é a temperatura que nos vai a dar, aínda que temos que ter en conta a estación na que esteamos, e a temperatura que hai de base, para ver canto suben ou baixan as temperaturas.

As continentais son secas (en orixe, despois poden cambiar) e as marítimas húmidas. Se unha ven por riba da terra non vai chegar húmida, non vai traeruvia; se ven por riba do mar, virá cargándose de auga, e no momento que teña que ascender, arrefría, ese vapor de auga vólvese líquido e chove.

Á Península Ibérica chegan 6:





Cando vemos un mapa de tempo, temos que mirar se á Península lle está afectando un anticiclón, unha borrasca ou ambos. Temos que mirar as isobaras que están por riba da península, e mirarlles os milibares. Despois pensamos en como xira o vento ao redor do Anticiclón ou da Borrasca que nos afecte, e vemos de que punto cardinal ven o vento.




Dende que vemos de onde ven o vento, miramos que masa de aire hai nese punto cardinal, e esa é a masa de aire que chega. O tempo que se produce é o que provoca esa masa de aire.

Hai exemplos no libro de todos os tipos de tempo.

Como o Jet Stream ven de oeste a leste, todo vai de oeste a leste (exemplo: si hai unha borrasca que lle está provocando moita chuvia a Pontevedra, mañá choverá en Ribadeo).

Se lle debuxamos frechas ás isobaras vemos máis claro de onde ven o vento. Recordade que só temos que mirar o que lle afecta á Península Ibérica e a Canarias. Recordade que cando máis xuntas estean as isobaras máis vento fai.

Aquí neste mapa vemos á dereita un mapa en altura (os que poñen 500 mb), onde vemos o Jet Stream (isobaras que van como as frechas azuis), que está facendo dorsais e valgadas, e separando baixas presións polares (B) de altas presións tropicais (A), e polo tanto, creando en superficie (abaixo del) Borrascas e Anticiclóns dinámicos. Está chegando aire do NO, traendo unha masa de aire Pm.



Se hai algunha fronte que afecta á Península, miramos en que sector está a Península para ver como lle afecta.

Unha borrasca de dúas fronteas provoca estes efectos ao seu paso:

- O sector frío anterior á fronte cálida, tempo estable.
- A fronte cálida, nubes e precipitacións finas e suaves que poden durar un día enteiro.
- O sector cálido entre ambas as dúas fronteas, nubes.
- A fronte fría, precipitacións fortes.
- O sector frío posterior, claros e chuvias de intensidade, tempo variable.